



**Consello Social**  
*Universidade de Vigo*

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA  
DO CONSELLO SOCIAL DO 19.06.2019**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 19.06.2019

**HORA DE COMEZO:** 12:00 h.

**HORA DE REMATE:** 13:15 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Daniel Barata Quintas  
D<sup>a</sup> Raquel María Souto García  
D. José María Martín Moreno  
D. Jesús Graña Nogueiras  
D. Antonio Macho Senra  
D. Manuel González Piñeiro

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, día 19 de xuño de 2019, ás 12:00 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.02.2019).
2. Informe do Presidente.
3. Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2018. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Acordo para elevación ao Pleno.
4. Incorporación nas aplicacións orzamentarias do exercicio 2019, con cargo ao remanente de libre disposición, de importes relacionados con contratos asinados ao abeiro do artigo 83 da LOU.
5. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
6. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
7. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
8. Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Procedementos (solicitude, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa".
9. Aprobación, se procede, da prórroga á empresa auditora Baker Tilly Fmac para realizar o informe de auditoría de contas da UVigo correspondente aos exercicios 2019 e 2020, consonte o expediente 325/17.
10. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de maio.
11. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia de todos os membros da Comisión. Comparece o Director de Administración da UVigo, Rodrigo Cerveño, para informar sobre asuntos da Orde do día.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.02.2019).*

Ao fío do recollido no punto 7, pregunta don Manuel González sobre o estado no que se atopa o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. Resposta dona Raquel Souto que, por distintos avatares, a creación está a seguir un proceso lento, pero que segue adiante e de feito está programada para esta semana a primeira reunión para acadar a integración.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Reflexiona don Daniel Barata sobre o protagonismo que teñen na actividade universitaria os asuntos a tratar nesta sesión, e subliña a importancia de que dende a Comisión se faga



seguimento das iniciativas que se aproban nas distintas sesións para que o Consello Social teña un coñecemento constante da situación. Neste punto expón obxectivos para encargar a próxima auditoría operativa. Don Rodrigo Cerviño apunta que tras o informe de auditoría operativa do exercicio anterior, a Universidade decidiu crear unha Oficina de Proxectos Internacionais para mellorar as incidencias detectadas e ratificadas polo equipo auditor externo. Neste senso, e cara a conseguir que a nova estrutura cumpra cos obxectivos perseguidos, propón que se solicite ao equipo de Baker Tilly que a seguinte auditoría operativa verse sobre unha *análise da estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais noutras universidades españolas*, por estar acaído á planificación de accións a realizar neste eido e ás carencias detectadas para levalas a cabo. En liña co exposto polo presidente se valora tamén o interese de dispor dun informe sobre a relación económica entre as EBT e a UVigo. Pola orde referida en atención á súa urxencia, os presentes conveñen en que as dúas cuestións sexan abordadas nos próximos informes de auditoría operativa.

### **PUNTO 3**

*Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2018. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Acordo para elevación ao Pleno.*

Introduce o presidente e cede a palabra ao Vicerreitor de Economía, don José M<sup>a</sup> Martín, quen salienta que os orzamentos reflicten unha estabilidade suficiente para garantir a actividade da universidade. Afirmo que a UVigo está moi saneada e nunha situación económica de gran solvencia -"exquisita", engade-. Resume que os ingresos medraron un 7,9 % sobre o inicialmente previsto por axudas externas para a investigación, que os dereitos de cobro están sobre o 90 % e que o pago acada o 100 % das obrigacións. Sobre as modificacións orzamentarias apunta o ascenso rexistrado en 2018 pola maior incorporación de remanentes dos proxectos de investigación e a xeración de créditos pola obtención de fondos alleos. Tamén destaca o comportamento estable do apartado de incorporación de remanentes. Expón a evolución do orzamento de ingresos e gastos 2014-2018 e as respectivas comparativas 2017-2018, o remanente de tesouraría, o resultado económico patrimonial, o balance de situación e o estado de fluxos de efectivo, e fai mención a que, por indicación dos auditores, estanse a periodificar os ingresos por matrículas.

Completa don Rodrigo Cerviño a exposición resaltando que se presenta un informe de auditoría limpo e sen condicións. Así mesmo subliña que se mantén o control sobre o inventario. Resposta de seguido sobre dúbidas que expón don Manuel González e que o director de Administración xustifica como operacións de axustes contables.

Don Jesús Graña pregunta se o resultado do orzamento é deficitario, e si compromete o cumprimento por parte do Consello Social do establecido no Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril, para o caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo. Don Rodrigo Cerviño admite que o resultado é negativo pero que o remanente é positivo, e aclara que o resultado orzamentario do exercicio é de -2.788.546 €, pero ao engadir os axustes acada a cifra positiva de 3.146.479 €. Intervén o secretario pedindo que se declare que non se incumpre o disposto no devandito Decreto-Lei, no que se reafirma a representación económica do goberno da UVigo.

Finalmente, don Rodrigo Cerviño comprométese a xestionar para unha próxima sesión a achega do Memorando de recomendacións que se debería ter recibido xunto co Informe de auditoría.

- ***A Comisión acorda elevar informe favorable ao Pleno.***



#### **PUNTO 4**

*Incorporación nas aplicacións orzamentarias do exercicio 2019, con cargo ao remanente de libre disposición, de importes relacionados con contratos asinados ao abeiro do artigo 83 da LOU.*

Tras as explicacións pormenorizadas e documentadas a cargo de don Rodrigo Cerviño sobre os motivos da incorporación de remanentes nos diferentes casos que se propoñen, o director de Administración presenta as propostas para autorización e aclara algunhas dúbidas e consultas feitas polos asistentes. A Comisión ACORDA:

- ***Dar a autorización e informar favorablemente ao Pleno.***

#### **PUNTO 5**

*Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.*

Revisadas as contas, destácase a elevada dependencia que ten a Fundación da actividade do Centro de Linguas, subliñando os representantes económicos da Uvigo que a actividade da sociedade mantense estable dende hai anos e que o Informe de auditoría preséntase sen condicións. A Comisión ACORDA:

- ***Informar favorablemente ao Pleno.***

#### **PUNTO 6**

*Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.*

Visto o Informe de auditoría sen condicións, don Rodrigo Cerviño resume que o resultado da sociedade cae debido, fundamentalmente, aos gastos de explotación (subministracións, sobre todo) no que ten unha notable influencia a explotación da piscina. Engade que os resultados positivos de exercicios anteriores permiten soportar ese déficit, e que, débese ter en conta que a ocupación é estable e que se está a prestar un servizo á comunidade, se ben apunta que se está a traballar na busca dun modelo concesional que se faga cargo das subministracións. A preguntas de don Manuel González sobre se hai algunha previsión de acometer un plan de dinamización, contesta o Vicerreitor de Economía que se trata dunha situación difícil e complexa que se deberá abordar. A Comisión ACORDA:

- ***Informar favorablemente ao Pleno.***

#### **PUNTO 7**

*Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.*

Destácase por parte dos representantes do goberno económico o informe de auditoría sen condicións, e resúmense as contas en que se minora o resultado negativo respecto do exercicio anterior e na inexistencia de problemas de liquidez, se ben se propugna a elaboración dun plan a longo prazo para evitar a súa consunción. A Comisión ACORDA:

- ***Elevar informe favorable ao Pleno.***



### **PUNTO 8**

*Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa".*

Avaliado o informe e as conclusións (que inciden basicamente na inconveniencia de que a elaboración dos ficheiros para control e xestión dos proxectos se fagan de xeito manual), así como a recomendación de que se implante un sistema informático por operatividade e para minorar erros, don Rodrigo Cerviño manifesta que este informe permitirá introducir neste eido novos procedementos administrativos ao igual que se fixo en investigación.

- ***A Comisión ACORDA informar favorablemente e recomendar a aplicación.***

### **PUNTO 9**

*Aprobación, se procede, da prórroga á empresa auditora Baker Tilly Fmac para realizar o informe de auditoría de contas da UVigo correspondente aos exercicios 2019 e 2020, consonte o expediente 325/17.*

Introduce este punto don Daniel Barata, e explica o Secretario os antecedentes da licitación e o recollido no contrato administrativo ca empresa auditora, que na cláusula terceira dispón a posibilidade dunha prórroga de mutuo acordo por un máximo de dous anos, que correspondería aos exercicios económicos 2019 e 2020. Tanto a Xerente como o Director de Administración e o Vicerreitor de Economía amósanse favorables a conceder a prórroga.

- ***A Comisión dá a súa aprobación para elevar ao Pleno.***

### **PUNTO 10**

*Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de maio.*

- ***A Comisión dáse por informada.***

### **PUNTO 11**

*Rogos e preguntas*

Propón don Jesús Graña que durante a elaboración da próxima auditoría operativa, e antes de establecer as conclusións definitivas, se manteñan reunións por parte dos auditores co Consello Social para coñecer o que se está a facer, enfoque, metodoloxía e conclusións previas. Solicita este seguimento por entender que a auditoría operativa que se presenta nesta sesión é mellorable, polo que sería convinte intervir antes de que o informe estea e se presente pechado. Conveñen os asistentes na posibilidade de abordar este asunto cando se sometan a aprobación nunha próxima sesión as propostas dos asuntos a auditar, e se nomee entón un grupo de traballo a tal efecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 19 de xuño de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias